

"PROGRAMA PREVENCIÓN DAS DROGODEPENDENCIAS E OUTRAS CONDUTAS ADICTIVAS.

Cuntis, Barro, Moraña e Portas 15 de febreiro de 2016.

Un ano máis os concellos de Cuntis, Barro, Moraña e Portas firman un Convenio de cooperación para o cofinanciamento do Programa de Prevención de Drogodependencias coa Xunta de Galicia, a través da dirección Xeral de Saúde Pública.

Dito programa comezouse a aplicar no ano 2007 debido á gran sensibilización que dende os grupos políticos existe sobre a promoción da saúde e a prevención das drogodependencias entre os/as seus/súas cidadáns/as. Este novo período extenderase dende o 11 de Xaneiro de 2016 ó 30 de xuño de 2017.

A través deste programa inténtase dar resposta a un dos grandes problemas aos que se enfrenta a sociedade actual, que afecta non só á saúde das persoas directamente implicadas no consumo de drogas senón tamén ao benestar da comunidade.

Na actualidade, o consumo de drogas en España, e concretamente na nosa comunidade experimentou unha serie de variacións; aumentando o consumo de determinadas drogas, aparecendo outras novas e iniciándose o seu consumo a idades máis temperás (tabaco, alcol).

Todo isto define unha preocupante situación, considerando a curta idade na que comezan algúns consumos, e a posible repercusión que estos poden exercer nun período da vida no que o desenvolvemento físico, psicolóxico e social é intenso.

Para afrontar esta problemática dende o **Programa de Prevención das drogodependencias e outras condutas adictivas dos concellos de Cuntis, Barro, Moraña e Portas** levaranse a cabo varias intervencións que teñen como obxectivo minimizar a influencia dos factores de risco e potenciar os factores de protección ante o consumo de drogas. Para iso realizaranse un conxunto de **accións destinadas a reducir e /ou retrasar o abuso de drogas, e no caso de terse producido reducir ao mínimo as súas consecuencias negativas.**

A prevención das drogodependencias non é un traballo só de especialistas, é responsabilidade de toda a sociedade, posto que o consumo de drogas é un fenómeno absolutamente xeneralizado na nosa sociedade, apoiado en aptitudes tolerantes.

Por iso, para abordar en toda a súa amplitude a prevención do consumo de drogas, é necesaria a participación de todas/os as/os axentes sociais, promovendo accións coordinadas e evitando a duplicidade das mesmas. Isto permite desenvolver intervencións en diferentes ámbitos (**escolar, familiar, comunitario, laboral...** etc).

As diferentes actividades programadas en cada ámbito para este novo período son:

- **ÁMBITO ESCOLAR:** O ámbito escolar é un dos medios máis idóneos para levar a cabo actividades de promoción da saúde e prevención das drogodependencias. Mediante os Programas Saúde na escola, A experiencia de educar para a saúde na escola e Intervención socioeducativa na aula,

preténdese formar ós escolares de infantil, primaria e secundaria, previndo así, consumos futuros de drogas

- **ÁMBITO FAMILIAR:** A familia constitúe o primeiro estamento na socialización dos individuos, e é a que ten unha maior influencia na formación e no desenvolvemento dos seus membros. De aí a necesidade de abordar coas familias as cuestións relacionadas cos estilos educativos, a saúde física e psicolóxica, os hábitos e estilos de vida, a prevención do consumo de drogas e o uso e abuso das novas tecnoloxías.
- **ÁMBITO COMUNITARIO:** Dado o elevado consumo de sustancias psicoactivas no noso entorno, a comunidade en xeral debe implicarse e participar en iniciativas preventivas que permitan a redución da prevalencia dos consumos de drogas (Programa de prevención universal para a poboación xeral, **Programa de deshabitación progresiva do consumo de tabaco, folletos informativos sobre os riscos dos consumos de drogas**, entre outros).
- **ÁMBITO LABORAL:** Os datos proporcionados polo último estudo de ámbito estatal realizado en España para coñecer a incidencia do consumo de drogas no ámbito laboral sinala a existencia dunha elevada prevalencia do uso das distintas sustancias entre a poboación traballadora. Polo que dende o Programa de prevención de drogodependencias e outras condutas adictivas se levarán a cabo actividades dentro do programa **Ao alcance**, que se aplicará co alumnado dos obradoiros de formación, cursos formativos, formación dual, hosteleiros, persoal hostelería, dos catro concellos.

O contacto coa especialista encargada da aplicación do Programa de prevención de drogodependencias e outras condutas adictivas para solicitude de información sobre a temática realizarase a través de:

Os Servizos Sociais dos Concellos de Barro, Cuntis, Moraña e Portas (Traballadoras/es Sociais, Educadoras/es, Coordinadoras/es), ou directamente no Centro de Formación Ocupacional A RAN, Polígono Industrial A Ran S/Nª Cuntis (Tif.: 986548759).